



**ADDENDA Ó CONVENIO DO 21 DE XULLO DE 2003, DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E A DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A APROBACIÓN DE PLAN DE ESTUDIOS DE LICENCIADO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL.**

No ano 2003 asinouse o convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a de Santiago para a implantación da titulación compartida de Comunicación Audiovisual que actualmente se desenvolve nos dous campus de Pontevedra e Santiago.

Na súa cláusula sétima se contempla que para o desenvolvemento de aspectos de xestión académica e de profesorado constituirase unha comisión técnica e que os seus acordos unha vez ratificados pola Comisión de Seguimento incorporárase como anexos ó Convenio.

Unha vez constituída a comisión técnica paritaria e realizados os seus traballos e reunións chegouse a un acordo que foi revisado polos membros da Comisión Paritaria dando o seu visto e prace.

Deste xeito, procede a incorporación do acordo de desenvolvemento como addenda o Convenio de 21 de xullo de 2003 relativo a xestión académica para o desenvolvemento da titulación compartida de Comunicación audiovisual.

**ACORDO PARA O DESENVOLVEMENTO NA ÁREA DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CONVENIO SUBSCRITO POLAS UNIVERSIDADES DE VIGO E SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A XESTIÓN DOS ESTUDOS CONDUCENTES Á LICENCIATURA EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL**

**PRIMEIRA.- OBXECTO**

1.1.- O presente documento recolle as normas de actuación para a xestión académica da titulación compartida de licenciado/a en Comunicación Audiovisual nas Universidades de Vigo e Santiago de Compostela.

1.2.- As dúas universidades coordinarán os seus sistemas informáticos de xestión académica para facer o máis sinxelo posible o transvasamento de información dos expedientes do alumnado entre as dúas universidades.

**SEGUNDA.- DA TITULACIÓN**

2.1.- O plano de estudos conxunto da licenciatura en Comunicación Audiovisual xestionarase de xeito independente en ambas as dúas Universidades para todo o non recollido nestas normas.

2.2.- As dúas universidades implantarán e ofrecerán todas as materias troncais e obrigatorias necesarias para conseguir o título e as materias optativas asignadas no propio plano a cada unha delas.

2.3.- O alumnado serao das dúas institucións a efectos xurídicos, coas especificidades que se detallan nestas normas.

2.4.- O alumnado nun ano académico someterase ás normas en materia de xestión académica da universidade onde formalice a súa matrícula para ese curso, sen máis particularidades que as recollidas neste documento. A matrícula efectuada condicionará, do mesmo xeito, os seus dereitos como alumno/a en canto a representación ou goce de instalacións e servizos.

### TERCEIRA.- ACCESO E INGRESO

3.1.- As universidades de Santiago e Vigo ofertarán de xeito independente o número de prazas, tanto para o primeiro curso como para o acceso ao segundo ciclo, ou para alumnado procedente de traslado.

3.2.- En calquera dos accesos descritos no apartado 3.1., o alumnado poderá formular unha solicitude de ingreso independente en cada unha das universidades ou nas dúas á vez, debendo optar, no caso de seren admitidos nas dúas, por unha delas no momento de formalizar a matrícula.

3.3.- O ingreso no primeiro curso será xestionado pola CIUG de xeito análogo á xestión de ingreso no resto de titulacións.

3.4.- O acceso aos segundos ciclos farase independentemente en cada universidade en función dos seus procedementos particulares que poderán estar coordinados.

3.5.- O alumnado que estea en posesión dun primeiro ciclo ou dunha titulación de primeiro ciclo que lle recoñeza o acceso ao segundo ciclo, só poderá solicitar o ingreso a este segundo ciclo.

3.6.- A admisión de alumnado para continuar os mesmos estudos iniciados noutras universidades (traslados) xestionarase independentemente en cada universidade en función dos seus procedementos particulares.

### CUARTA.- MATRÍCULA

4.1.- A matrícula dun curso académico formalizarase unicamente nunha universidade e incluírá todas as materias e actividades que se pretendan cursar. A devandita matrícula formalizarase mediante os procedementos, normas de liquidación de prezos e prazos establecidos pola universidade na que se matricule e leva consigo os efectos establecidos no apartado 2.4.


4.2.- O alumnado matriculado nunha universidade que pretenda cursar materias na outra deberá comunicalo antes do 15 de setembro e antes do 1 de outubro cada universidade comunicará á outra a relación de alumnos/as e materias nas que cursarán estudos.

En ningún caso, o alumnado poderá cursar materias suspensas na outra universidade.

4.3.- O alumnado que inicie estudos na Licenciatura non poderá inscribirse en materias da outra universidade o primeiro ano de estudos.

4.4.- A matrícula será única por ano académico e comprenderá todas as materias que pretenda cursar o alumnado nas dúas institucións.

Con carácter xeral, o alumnado matriculado nunha universidade só poderá cursar na outra universidade materias troncais, obrigatorias e optativas correspondentes á Licenciatura en Comunicación



Audiovisual, exclúese expresamente a posibilidade de cursar materias de libre configuración doutras titulacións na outra universidade.

4.5.-Finalizados os prazos de modificación de matrícula que estableza cada universidade e, no caso de que existan modificacións que afecten ás materias da outra universidade nas que haxa alumnado inscrito, comunicaranse os cambios no prazo máximo de 10 días.

4.6.- O alumnado matriculado nunha universidade poderá trasladar o seu expediente á outra con carácter anual sen que teña consideración xurídica de traslado, polo que non se deberán abonar prezos públicos por este concepto.

No caso de expedientes trasladados deixará de ter efecto a prohibición de matrícula en materias suspensas recollida na liña 4.2.

4.7.- En ningún suposto o exercicio do dereito de matrícula establecido nestas normas obrigará a modificar o réxime de horarios e calendario de exames en ningunha das universidades.

4.8.- Para os efectos de comprobación de que ningún alumno/a se matricule nas dúas universidades no mesmo curso académico, cada universidade comunicará á outra o alumnado matriculado.

#### **QUINTA.- ACTAS. ALUMNADO DE INTERCAMBIO**

5.1.-Ao finalizar cada unha das convocatorias oficiais, cada universidade, polo procedemento que estableza, remitirá á outra unha acta ou certificación por cada materia onde exista alumnado inscrito da outra universidade e que nese curso estea matriculado na primeira. A acta ou certificado incluirá, polo menos, denominación e código da materia, DNI, apelidos e nome do alumno/a e cualificación ou mención.

#### **SEXTA.- LIBRE ELECCIÓN**

6.1.- Cada Universidade poderá recoñecer no expediente do alumnado as actividades de calquera tipo que oferte ao seu alumnado para o recoñecemento de créditos de libre elección, sen máis límites que os establecidos no plano de estudos.

#### **SÉTIMA.- RECOÑECIMENTO DE ESTUDOS**

7.1.- As materias e actividades cursadas polo alumnado e recollidas no seu expediente serán recoñecidas na outra universidade sen que se someta a ningún tipo de proceso de adaptación ou validación. A transición do expediente será literal e sen textos engadidos, notas ou aclaracións.

7.2.- Os centros coordinarán os seus acordos de validación/adaptación e publicarán conxuntamente táboas de aplicación automática. As devanditas táboas actualizaranse polo menos unha vez ao ano.

#### **OITAVA.- PRÁCTICAS EN EMPRESAS. TRABALLOS ACADEMICAMENTE DIRIXIDOS**

8.1.- Os dous centros procurarán a consecución dunha convocatoria única e conxunta de prácticas en empresas para o alumnado das dúas universidades.

académico, en segundo lugar terase en conta o non ter realizado prácticas anteriormente e en terceiro lugar, no caso de que houberse prazas vacantes, que o alumnado non realice prácticas na mesma empresa na que xa as fixese anteriormente.

8.4.- Será requisito imprescindible para ser seleccionado o ter superado, polo menos, o 50% dos créditos totais da titulación.

8.5.- As universidades poderán esixir que o alumnado seleccionado formalice matrícula previa no número de créditos que se vaian recoñecer. Non se permitirá a anulación destas matrículas, sendo o alumnado cualificado como "non presentado" no caso de non realizalas ou non completalas.

8.6.- O establecido nos apartados 8.1., 8.2 y 8.5 será tamén de aplicación aos traballos académicamente dirixidos.

8.7.- Independentemente do xeito de realizar as prácticas en empresas, o alumnado deberá estar asegurado do xeito en que se determine.

#### **NOVENA.- OBTENCIÓN DO TÍTULO. CERTIFICADOS.**

9.1.- Para a obtención do título o alumnado deberá ter superados todos os créditos troncais, obrigatorios, optativos e de libre configuración establecidos no plano de estudos, independentemente da universidade onde os superase.

9.2.- Para obter unha das orientacións previstas deberá superar todas as materias optativas vinculadas a esa opción.

9.3.- O alumnado abonará os dereitos de expedición do título na universidade onde efectuara a última matrícula, que será a encargada da súa expedición en todo o relacionado coas certificacións, duplicados, rexistro e custodia.

9.4.- O modelo de título que se expida será acordado polas dúas universidades, de acordo coa normativa xeral, e incluírá os símbolos institucionais e a sinatura dos reitores das dúas Universidades.


9.5.- O alumnado poderá solicitar certificación do seu expediente académico na universidade onde se matriculase o último curso.

#### **DÉCIMA.- VIXENCIA E OUTRAS**

10.1.- Á proposta conxunta das dúas facultades elaborárase unha normativa para a Colación de grao e a convocatoria do Premio extraordinario.

10.2.- As dúas universidades comprométense a que as cuestións de interpretación do convenio ou de resposta a situacións non recollidas nel sexan discutidas e acordadas previamente entre ambas as dúas sen levar a cabo actuacións unilaterais que poidan supor trato distinto para o alumnado.

10.3.- As presentes normas revisaranse conxuntamente antes do comezo de cada curso académico e manterán a súa vixencia mentres non sexan denunciadas.




O que en proba de conformidade asinan os representantes das institucións académicas por duplicado e a un só efecto en Santiago de Compostela, a 16 de setembro do 2004.

Pola Universidade de Vigo



Domingo Docampo Amoedo

Pola Universidade de Santiago de Compostela



Xosé Barro Ameneiro